

Unha cantiga morta

Florentino López Cuevillas

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

LÓPEZ CUEVILLAS, FLORENTINO (2011 [1956]). “Unha cantiga morta”. *Alborada. Órgano del Centro Gallego de Barcelona*: 1956, 7. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/754>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

LÓPEZ CUEVILLAS, FLORENTINO (1956). “Unha cantiga morta”. *Alborada.. Órgano del Centro Gallego de Barcelona*: 1956, 7.

* Edición dispoñíbel desde o 11 de maio de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

UNHA CÁNTIGA MORTA

Hai xa unha regular presa de anos os mozos da universidade de Compostela e os rapaces dos institutos da Galicia sabían cantar a 'Cántiga das Sete Irmans, que emprincipiaba diste xeito:

*"Ei Armórica, Cornuvia e Cambria,
Escocia, Eirin Galicia e a Illa de Man.
Son as sete nacións celtas"...*

Nas sete estiveron dende logo os celtas, en cinco delas consérvase algo das falas goidélicas ou britonas, mais denantes de que nada disto pasara, as sete eran xa irmans. Eran pol-o menos dende o tempo das construcións megalíticas, dende os anos nos que Ith e os seus Milesians embarcaron cara o norte, dende o día en que Creidne, o mercader de ouro, afogou no mar.

Son istas historias vellas, pro nas que hai mais verdade que mentira, pois ninguén poderá negar que as insculturas galegas viaxaron por todol-os fisterras atlánticos, que hai tipos de alfaias que se atopan soio en Galicia e en Armórica e que unha lúnula irlandesa e dous pequenos discos da mesma procedencia apareceron en Cabeceira de Bastos, na terra farta e ben precurada do Minho portugués; e ninguén poderá negar tampouco que istes feitos no son mais que o comenzo dunha longa serie de outros feitos análogos e concordantes.

As sete irmans son todas países terminaes.

pol-os que Europa estivo asemada moito: milenios a un mar que entón non ía pra ningures mais cos, e que por forza compre apôr a un orixen cote moitos séculos por unha relación sostida, que non pode espricarse nin por causas económicas, nin por arelas imperiaes, nin por motivos políticos, e que por forza compre apôr a un orixen común ou a unha parentela espiritual.

Agora, como pasa nas familias, as sete irmans esparexéronse e unhas forman parte de un estado e outras de outro, e a mais de esparexerse, esqueceron á mais nova, mais meridional e mais distante; a probe Galicia, ou millor a probe Gadezia quedou privada da axuda das suas curmáns e arre-cantada nun currecho como aquela nena do conto que gracias a un zapato chegou a princesa.

Aquiles rapaces e aquiles mozos que, hai unha presa de anos, botaban ô ar a cántiga das sete irmans tencionaban espertar as lembranzas esquecidas e restaurar en certo modo o mundo remoto dos fisterras atlánticos, mais viñeron os acontecementos uns apos dos outros e o estrondar de duas guerras estinguin a cántiga que xa ninguén canta..

Fálase no día doutros temas, de escolas de arte que son *super*, *post* ou *neo* por riba doutro nome coñecido, fálase de filosofías vellas reñicadas ou reformadas e fálase de universalidade nun senso no que semella que non se lembra de que o universo está feito de pezas ou de órganos. E imos andando mentras ollamos cómo a nosa cultura que naceu en Grecia vai debecendo deica morrer calquera día nun dancing ou nun cine.

FLORENTINO
LOPEZ
CUEVILLAS

